



## CONCURSO FOTOGRAFICO DE DISFRACES

### 1. PARTICIPANTES

Poden participar todos os veciños e veciñas do Concello de xeito individual ou en grupo, establecéndose unha única categoría na que entrarán todas as fotografías recibidas.

### 2. CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN

Para participar, deberase enviar unha fotografía na que os participantes aparezan disfrazados ao correo cultura@concellopereiro.com, indicando os nomes e apelidos dos mesmos e un teléfono de contacto.

Poderanse empregar todo tipo de materiais, elementos e obxectos que se precisen, tanto realizados a man como mercados ou elementos da natureza.

As fotografías deben ser orixinais, sen retoques dixitais e sen ningún tipo de alteración electrónica. Difundiranse a través dos medios de comunicación que emprega habitualmente o Concello polo que, unha vez enviadas, dáse consentimento para a súa difusión nas mesmas.

### 3. PRAZO DE ADMISIÓN

O prazo para enviar as fotografías comeza no momento de publicación das bases e rematará o **1 de marzo de 2022 ás 23:59 h.**

Non se admitirán obras presentadas con posterioridade á data e hora sinaladas.

### 4. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a valoración dos disfraces terase en conta unha combinación de elementos: idea, orixinalidade, creatividade, enxeño e posta en escena.

A mesma realizarase unha vez finalizado o prazo de inscrición.

### 5. XURADO

O xurado estará formado por dous membros da Área de Educación, Cultura e Turismo e pola Concelleira da Área de Benestar Social, Festexos, Ocio e Tempo Libre. A súa decisión será inapelable.

### 6. PREMIOS

Cinco premios valorados en 40€ cada un. Cada participante ou grupo só optará a un premio.

### 7. ENTREGA DE PREMIOS E FALLO DO XURADO

O fallo do xurado será o **7 de marzo**, sendo este inapelable. Comunicarase telefonicamente aos interesados e a través da web do Concello

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Asdo.- Luís Menor Pérez.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.**

